



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 753 Semana do 23 ao 29 de outubro de 2017

A RECUPERACIÓN DO EMPREGO VÉN DA MAN DA TEMPORALIDADE, ESTACIONALIDADE E NON CORRIXE O PARO ESTRUCTURAL

Redacción.- UGT-Galicia saúda a diminución do desemprego rexistrada en Galicia no terceiro trimestre do ano, aínda que insiste en que esta dáse da man da temporalidade, precariedade, estacionalidade e non está a corrixir o problema do paro estrutural, aquel que afecta ás persoas que levan máis de dous anos na procura dun posto de traballo.

Tal e como é habitual neste trimestre, o terceiro do ano, basicamente polas contratacións relacionadas coa temporada estival, rexístrase unha contracción do paro, caendo un 9,79 por cento en Galicia (19.700 persoas) e un 4,66 por cento no resto do Estado (182.600 persoas menos no desemprego). Nesta mesma liña, medra a ocupación no trimestre, un 2,25 por cento en Galicia (23.600 persoas máis) e un 1,25 por cento no resto do Estado (235.900 persoas máis).

Así, en Galicia hai 1.072.500 persoas ocupadas, aínda que a taxa está no 45,8 por cento, aínda moi afastada do 50 por cento que se rexistraba antes da crise.

En termos interanuais, o paro baixa en Galicia o 12,1 por cento (25.000 persoas menos) e o 13,63 por cento no Estado (589.100 persoas menos). Hai 181.700 persoas en situación de desemprego nesta Comunidade, cunha taxa de paro do 14,49 por cento.

Para UGT-Galicia, a evolución destas cifras é a habitual no terceiro trimestre do ano. Agora ben, e xa dun xeito estrutural, conséntase a persistencia da diminución da poboación de 16 ou máis anos, 9.400 menos no ano, e, deles, 1.700 menores de 25 anos. Isto quere dicir que cada vez hai menos poboación en idade de traballar nun mercado laboral moi contraído. E non só cae a poboación en idade de traballar, senón que cae aínda máis no caso dos que están formando parte ou desexan formar parte do mercado laboral, baixa a poboación activa en 10.400 persoas e medra a inactiva en 900. Galicia rexistra unha taxa de actividade de tan só 53,6 puntos, fronte aos 58,92 do resto do Estado.

O desemprego segue a atizar aos foga-

res galegos. As vendas nas que todos os activos están no paro son 61.700 e 33.600 non perciben ingresos. Estas dúas variables continúan en valores insostibles, sobre todo, se se comparan cos valores rexistrados no terceiro trimestre do ano 2009, 44.800 e 19.700, respectivamente.

Por sectores, a ocupación medra en todos, a excepción da construción. En termos absolutos destaca o crecemento do sector servizos, loxicamente por tratarse da época estival, en 15.300 persoas, o 65 por cento do incremento de toda a ocupación. En relación a hai un ano, medra a ocupación en todos os sectores, de novo, salvo en construción, onde diminúe en 5.400 persoas.

Lembrar que a taxa de paro é en Galicia de 14,49 puntos pero é que no caso das mulleres esta sube ata os 15,8 puntos. Volve a agrandarse a brecha no desemprego entre homes e mulleres, con 2,6 puntos de diferenza.

Entre os menores de 25 anos, esta taxa é do 32,6 por cento, case 33 mozos e mozas de cada cen da poboación activa menor de 25 anos en Galicia está en situación de desemprego.

O número de asalariados é en Galicia de 847.900 persoas, medrando no trimestre nun 3,24 por cento, en maior medida que o total da ocupación, no terceiro trimestre por mor da temporada estival e as novas contratacións son no sector servizos.

Medran tanto os asalariados con contrato indefinido, 1,9 por cento, como os temporais, 6,8 por cento. Moito máis no segundo caso. Clara tendencia do mercado laboral cara o emprego temporal e dos nefastos efectos das reformas laborais.

Síntoma disto tamén é a moi elevada taxa de temporalidade, do 28,13 por cento.



Subindo progresivamente dende o ano 2013. No primeiro trimestre do 2013 esta era do 21,84 por cento.

En canto á duración dos contratos, dos 238.500 asalariados con contrato temporal, 2.300 teñen un contrato que tan só dura un día e 7.000 menos dun mes. Isto é un claro expoñente da precariedade que UGT ven denunciando reiteradamente e á que hai que buscarlle unha solución porque mentres estas cifras de temporalidade, precariedade e parcialidade continúen enriba da mesa non se pode falar de recuperación real.

Precisamente, en termos de temporalidade, existen cifras certamente preocupantes, do total dos ocupados en Galicia, o 13 por cento (138.900 persoas) teñen un contrato a tempo parcial pero é que destes o 59,6 por cento están nesta situación de xeito involuntario. A parcialidade involuntaria é outra das consecuencias das reformas laborais impostas.

O paro estrutural é outra das grandes lacras polas que resulta imposible falar de recuperación real das familias. 103.500 persoas levan máis dun ano na procura dun emprego pero é que 77.200 levan dous ou máis anos.

É evidente que urxen medidas. UGT propón un plan de choque polo emprego, que conteña políticas activas dende o público, así como, a protección das persoas, tendo como obxectivos a creación de emprego de calidade e con dereitos. Só así o país conseguirá encarar unha recuperación sostible, para todos, diminuindo os niveis de desigualdade pobreza.

XORNADA DE ANÁLISE DA “PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO SECTOR DO TELEMÁRketing E CALL CENTERS”

Redacción.- Este luns UGT-Galicia organizou na sede do Sindicato en A Coruña unha xornada sobre “Prevenção de riscos laborais no sector do telemarketing e call centers”.

A apertura do acto correu a cargo da secretaria de Saúde laboral e Medio ambiente de UGT-Galicia, Raquel Seijas.

A continuación, o médico de traballo do ISSGA Antonio Fernández analizou os riscos laborais derivados da organización do traballo e enfermidades profesionais no sector do telemarketing.

Finalmente, o marco regulatorio da xestión da incapacidade temporal foi explicado polo secretario de Política sindical, Emprego e Seguridade Social de UGT-Galicia, Luís Baneira.



O PAPEL DOS REPRESENTANTES SINDICAIS NA FORMACIÓN PROGRAMADA POLAS EMPRESAS, A DEBATE

Redacción.- A sede de UGT-Vigo acolleu este mércores a celebración dunha xornada técnica sobre o papel dos representantes legais dos traballadores na formación programada polas empresas, á que asistiron preto de 50 delegados.

O secretario de Organización e Administración de UGT-Galicia, José Luís Fernández Celis, foi o encargado de presentar a xornada. Lembrar que esta xornada, organizada por UGT-Galicia, xa se celebrou noutras unións comarcais do Sindicato.

A continuación, a coordinadora da asistencia técnica de UGT na Fundae, María del Carmen Van Baumberghen López, dirixiuse aos delegados para explicarles os seus dereitos e obrigas nestes procesos formativos, como deben tramitar os informes ao respecto, como se deben xestionar as discrepancias e tamén resolveu numerosas dúbidas que alí xurdiron.

Unha vez rematada a xornada, o secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes Blanco, foi o encargado da súa clausura.



MULLER, TRABALLO E PREVENCIÓN DE RISCOS DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Redacción.- O mércores UGT-Galicia organizou na sede da Unión comarcal de Ourense a xornada “Muller, traballo e prevención de riscos desde a perspectiva de xénero”.

Nesta interviñeron as secretarías de Igualdade, Xuventude e Movements Sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez; e de Saúde Laboral e Medio Ambiente, Raquel Seijas, e tamén María Teijeiro, médica do traballo do servizo de prevención de riscos do Sergas.

Neste foro debatiuse sobre o marco xurídico para a aplicación da perspectiva de xénero na seguridade e saúde no traballo e analizáronse as condicións de traballo e prevención de riscos: avaliación de riscos con perspectiva de xénero, riscos por embarazo e lactación. Tamén se analizou a negociación colectiva desde a perspectiva de xénero e puxéronse enriba da mesa as propostas sindicais e as liñas de actuación.



COMEZAN AS MOBILIZACIÓNS DE CARA Á FOLGA NA SANIDADE PÚBLICA GALEGA OS DÍAS 2 E 3 DE NOVEMBRO

Redacción.- Ao longo desta semana delegados de persoal do Sergas e traballadores arrancaron coas mobilizacións como fase previa ás dúas xornadas de folga convocadas no sector para os días 2 e 3 de novembro e como xeito de apoio ás negociacións do comité de folga co Sergas.

Ademais das concentracións que se sucederon ás portas dos complexos hospitalarios galegos, este mércores tivo lugar na Dirección xeral de recursos humanos da área sanitaria de Vigo un peche de delegados sindicais como símbolo de protesta ante a negativa do Sergas de restablecer un calendario de negociación para a recuperación de dereitos.

Á folga dos días 2 e 3 chégase ante a negativa do Sergas de cumprir os seus compromisos de devolver todos os dereitos substraídos unilateralmente cando mellorase a situación económica.

Esta actitude de imposición leva ás persoas traballadoras do Sergas a poñer en marcha todas as medidas necesarias co fin de recuperar os dereitos roubados.

Xa rematou a crise e a Xunta non pode seguir castigando ao persoal do Sergas mantendo inxustamente a suspensión dos acordos lexitimamente negociados na mesa sectorial do Sergas.

Polo tanto, urxe xa un calendario de recuperación de dereitos suspendidos dende o ano 2010 e a recuperación dos acordos de retribucións no ámbito de atención primaria.

Os traballadores do Sergas tamén demandan a recuperación da carreira profesional e o 100 por cento do complemento de incapacidade, así como, o mantemento de todas as áreas sanitarias.

Tamén existe un rexeitamento total ás continuas privatizacións e pídeselle ao Sergas que remate xa coa precariedade laboral, contratando ás persoas pola causa que orixinou a ausencia do titular e que non se continúe abusando das medias xornadas. Ademais, demándase a recuperación da xornada laboral de 35 horas semanais.

A maiores das dúas dúas xornadas de folga, o día 3 está prevista unha gran concentración diante da Consellería de Sanidade ás 11.00 horas.



A SEGURIDADE PRIVADA REQUIRE UN NOVO MODELO QUE OBRIGUE POR IGUAL A EMPRESAS E CLIENTES

Concentracións en todo o país. En Santiago fronte ao Parlamento galego

Redacción.- Á vista das exitosas mobilizacións celebradas o pasado martes en diferentes puntos do país, FeSMC-UGT espera que a patronal do sector da seguridade privada abandone definitivamente, na próxima reunión do convenio, as súas propostas regresivas e comece a valorar as peticións que foron postas enriba da mesa polos sindicant@s.

UGT, CCOO e USO, convocantes das mobilizacións, foron presentando unha serie de alternativas que sen dúbida contribuirían a modernizar o sector e poñer en marcha o cambio de modelo que tanto necesita. Cambio de modelo que debe implicar, por certo, tanto ás empresas de seguridade como aos seus clientes, xa sexan públicos ou privados. Entre as alternativas expostas polos sindicant@s para mellorar o convenio destacan as seguintes:

- * Incrementos salariais.
- * Cláusula de revisión.
- * Aclaración do redactado do convenio.
- * Debate suficiente sobre a xubilación anticipada.
- * Compromisos que garantan a empregabilidade futura no sector.
- * Trasladar á negociación colectiva os



acordos que se alcancen na Mesa aberta co Goberno.

* Problemas específicos de insularidade, e concretos dalgunhas autonomías.

* Compromiso laboral sobre persoal adscrito ás novas tecnoloxías.

Todas estas propostas sindicais, responsables e realistas, deberían ser tidas en conta e sometidas a debate nas comisións de traballo do próximo convenio. E tamén deberían servir para deixar a negociación colectiva aberta aos posibles avances que puidesen darse durante a vivencia do mesmo.

Como xa indicamos, UGT aposta abertamente por un cambio de modelo na seguridade privada en España que obligue ás empresas para disputarse o mercado desde

a calidade dos servizos ofertados e o respecto rigoroso dos dereitos laborais. Administracións públicas, clientes privados e patronal foron os culpables durante estes anos de soste un sector de seguridade baseado na nefasta calidade dos servizos e, como consecuencia diso, na crecente e insoportable precarización das condicións laborais dos seus traballadores e traballadoras.

A Mesa aberta co Goberno, a nova Lei de Contratos Públicos e o Anteproxecto sobre o Regulamento de Seguridade Privada son elementos, entre outros, que foron e están a ser explorados por UGT como ferramentas facilitadoras, no ámbito institucional, dese cambio de modelo que propugnamos. Ao que habería que engadir, ademais, a reivindicación permanente na rúa contra as empresas de baixo perfil que operan no sector e contra os clientes destas.

OS TRABALLADORES DE MADERAS IGLESIAS MANIFÉSTANSE POLO CENTRO DE VIGO PARA RECLAMAR OS SEUS SALARIOS

Redacción.- O pasado sábado os traballadores de Maderas Iglesias manifestáronse unha vez máis, nesta ocasión polo centro de Vigo, en defensa dos seus salarios e dos postos de traballo.

Os traballadores denuncian o impago dos seus salarios, tres nóminas, e o incumprimento por parte da empresa de cada un dos acordos que ten asinados. Ademais, manifestan a súa preocupación no relativo á continuidade da compañía, que leva anos arrastrando problemas e que é incapaz de captar clientes.

No 2013 a empresa superou un concurso de acreedores e, aínda que conseguiu unha importante condonación da débeda, parece que non é capaz de facer fronte aos prazos que



pactou cos acreedores.

Pasou de ser unha empresa punxante, con 800 postos de traballo, aos 250 actuais. O deterioro das condicións laborais e económicas foi

continuo. Dende o ano 2011 os traballadores xa sufriron sete expedientes de regulación de emprego, polo que xa teñen consumidos máis de 400 días de prestación por desemprego.

A XUSTIZA DÁ A RAZÓN A UGT E IGUALA A INDEMNIZACIÓN DUNHA FUNCIONARIA INTERINA AO DESPEDIMENTO OBXECTIVO

Redacción.- O Xulgado do Contencioso Administrativo número 9 de Barcelona deu a razón a UGT, na denuncia presentada polo sindicato en Catalunya, contra o Concello de Llinars do Vallès, por un caso de desigualdade en relación á indemnización por despedimento dunha traballadora interina do propio concello, e sentenciou que os funcionarios interinos teñen dereito a unha indemnización por despedimento obxectivo equivalente á que vén aplicando aos contratos temporais de natureza laboral.

Na súa sentenza, o xuíz Benjamín Gorri recolle a Directiva Europea 1999/70 e explicita que o termo de comparación non pode ser entre funcionario fixo e interino, senón en termos de relación xurídica de temporal versus indefinida, sexa da natureza que sexa.

E a estrutura que garda semellanza re-

side na relación laboral indefinida suxeita a unha condición resolutoria sempre presente, atendendo a circunstancias obxectivas dependentes de intereses empresariais, en contraposición con contratos temporais, sexan laborais ou interinos, cuxa temporalidade tamén atende intereses do empregador, sector privado ou público, sen distinción.

Ademais, engade que a Lei 7/2007, EBEP, achegou as figuras de laboral e funcionario, buscando unha perspectiva unitaria baixo o concepto de "empregado público". Ao que se engade que o principio de igualdade e non discriminación se pretende distinguir entre relación laboral ou funcional, ofrecendo diversa protección por esta soa condición afectaría de forma substancial o efecto útil da Directiva e a súa protección omnicompreensiva.



UGT lembra que as administracións veñen realizando unha utilización do nomeamento de funcionarios interinos excesiva e desproporcionada, que se pode adxectar perfectamente de abusiva o que está a xerar moitos dos actuais pronunciamentos do TXUE. Conduto á que os xuíces, como o resto de autoridades públicas, deben poñer remedio segundo doutrina do TXUE, aplicando o principio de primacía do dereito da UE.

MELLORAR A CALIDADE DO EMPREGO, PARA GARANTIR UN CRECIMENTO SUSTENTABLE

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, manifestou que "a calidade do emprego é imprescindible para garantir un crecemento sustentable e debe ser un elemento intrínseco á empresa e ao sector".

Pino, que fixo estas declaracións durante a súa intervención nas Xornadas de UGT sobre "O Plan de Emprego", resaltou que calquera sector estratéxico debe contemplar a calidade de emprego, o que significa falar dun emprego con dereitos, en termos de contratación e protección social; un emprego inclusivo, sen ningún tipo de discriminación; contratación indefinida e a tempo completo; unhas remuneracións xustas e responsables, acordadas co contexto de recuperación macroeconómica; investimento na formación das persoas, ao longo da vida; e o respecto ao marco de negociación colectiva e ao diálogo social.

O secretario de Política Sindical instou a que non se trata de só cantidade, senón tamén de calidade no emprego, e lembrou que, tras dez anos de recesión, o legado desta crise é que en España hai aínda 3,9 millóns de persoas paradas (das cales preto de 1,6 millóns leva máis de 2 anos nesa situación), 1,2 millóns de fogares con todos os seus membros en paro e un 28% da poboación está en risco de pobreza e exclusión social.

Así mesmo, afirmou que, desde 2014, hai unha mellora cuantitativa das cifras de ocupación, pero é hora de "poñer o foco de atención" na calidade do emprego. Neste sentido, sinalou que ao cambio tecnolóxico e a internacionalización, elementos estratéxicos para a economía, debe unirse a calidade do emprego, iso si, investindo na educación, a formación e as competencias e as habilidades das persoas para desenvolver un posto de traballo.

Sectores estratéxicos

Pino dixo que "UGT non considerará un sector estratéxico, ao que non contemple a calidade do emprego" e citou as 5 ramas de actividade nas que poden englobarse: a industria manufacturera, a construción de edificios e actividades inmobiliarias, as actividades ligadas ao turismo e ao lecer, as actividades relacionadas cos servizos de ámbito público (educación, actividades sanitarias e servizos sociais) e as científicas e técnicas, e programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática.

Novos xacementos de emprego



Pino resaltou tamén a importancia de incorporar nos novos xacementos de emprego a calidade do mesmo e dixo que existe certo consenso sobre os empregos do futuro, que se engloban en tres ámbitos:

* Empregos en sectores de servizos relacionados co envellecemento da poboación, ligados á sanidade e a dependencia.

* Empregos "verdes", vinculados ao medio ambiente e a ecoloxía e a fontes de enerxía alternativas.

* Emprego en sectores Tics, como é a programación e consultoría informática.

Neste sentido, demandou que as políticas fomenten a calidade e estabilidade dos novos empregos que se xeren, para que sexan "verdadeiros xacementos sustentables de emprego de calidade".

A MALA CALIDADE DO EMPREGO E A FALTA DE PREVENCIÓN NAS EMPRESAS ESTÁN A AUMENTAR A SINISTRALIDADE LABORAL

Redacción.- Un total de 873.738 accidentes laborais producíronse nos oito primeiros meses do ano no noso país, un incremento de 26.545 accidentes (3,13%) que no mesmo período do ano anterior.

Así o reflicte o informe "Accidentes de Traballo de Xaneiro a Agosto de 2017" elaborado por UGT, que sinala que, do total, 385.417 accidentes laborais causaron baixa, o que supón un aumento do 5,7% en relación ao ano anterior.

A primeira causa de accidentes de traballo con baixa son os sobre esforzos físicos sobre o sistema musculo esquelético, con 125.335 casos, consolidándose así os trastornos musculo esqueléticos como a primeira causa de baixa laboral no noso país.

Ademais, o informe reflicte que, a pesar de que se mantiveron os accidentes mortais neste período, respecto ao anterior, para UGT resulta preocupante que aumenten os ocorridos durante a xornada la-

boral (un 5,6% máis), o que indica que existe unha falta de implementación de medidas preventivas nos centros de traballo.

O sindicato esixe ás empresas máis e mellores medidas e plans de prevención nos centros de traballo, co fin de reducir os accidentes laborais e as enfermidades profesionais, e que se conciencien de que a prevención non é un gasto, senón un activo moi importante na empresa.

E ao Goberno, UGT reclámalle mellores políticas de emprego, xa que a mala calidade do mesmo (o que se crea é temporal e precario), xunto coa falta de medidas preventivas, especialmente nos sectores de construción e servizos, están a converterse no caldo de cultivo que alimenta o aumento da sinistralidade laboral ano a ano no noso país.



Ademais, o sindicato esixe maior dilixencia no tratamento das sentenzas sobre os casos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, xa que as vítimas e as súas familias teñen que ver como o tempo medio de espera é de máis de seis anos e medio desde que se produce o accidente ata que se dita sentenza, segundo o Ministerio Fiscal.

Neste sentido, ata o Fiscal Xeral do Estado pediu ao Goberno que actúe para solucionar este problema, aprobando leis para que os tempos de espera diminúan considerablemente. Para UGT, case sete anos de espera son demasiados para seguir prolongando o sufrimento das vítimas e as súas familias

A CES INSTA AO PARLAMENTO EUROPEO A QUE GARANTA OS DEREITOS DOS TRABALLADORES DESPRAZADOS

Redacción.- A Confederación Europea de Sindicatos (CES), da que UGT forma parte, considera que a revisión da Directiva sobre o desprazamento de traballadores, realizada polos ministros de Emprego da UE, queda curta e é un tanto decepcionante e que corresponde agora ao Parlamento Europeo mellorar esta Directiva.

Neste sentido, a CES, a través da súa Secretaria Confederal, Lina Caar, fixo un chamamento aos eurodeputados para que os traballadores desprazados teñan unhas condicións laborais xustas e advertiu

que a explotación destes traballadores tira á baixa os salarios e as condicións laborais de todos. Por tanto, "a igualdade salarial é o único resultado xusto". Con todo, Caar recoñeceu que o acordo entre os ministros do Emprego foi posible "grazas aos esforzos da Presidencia de Estonia".

Por que é insuficiente o acordo ao que chegaron os ministros de Emprego?

Exclúe aos traballadores do transporte por estrada das melloras da revisión. Emprázao ata que se chegue a un acordo sobre o paquete de mobilidade para o trans-

porte por estrada.

Non ofrece garantías suficientes para o pago efectivo das prestacións.

Non inclúe unha base legal para convertelo nun instrumento para a protección dos traballadores.

Non recoñece moitos tipos de convenios colectivos.

Establece un prazo inusualmente longo (3 anos) para a transposición da Directiva revisada.

UGT, GOOGLE E XUSTIZA CONTRA O DISCURSO DO ODIO

Redacción.- A iniciativa "Somos Más, contra o odio e o radicalismo" - www.somos-mas.com - ten por obxectivo sensibilizar sobre o radicalismo violento e o discurso do odio, especialmente entre os mozos, e promover mensaxes positivas de tolerancia e inclusión social na rede.

Participan nela YouTube Creators for Change, o Ministerio de Xustiza; o

Ministerio do Interior; o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; o Ministerio de Emprego e Seguridade Social; o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; a Rede Aware; FeSP-UGT a través de Aula Intercultural e a ONG Novas e Desenvolvemento.

Google presentou xunto ao Goberno de España, a Rede Aware

(Alliance of Women Against Radicalization and Extremism), FESP-UGT (a través de Aula Intercultural) e a ONG Novas e Desenvolvemento a iniciativa "SomosMás, contra o odio e o radicalismo" co obxectivo de sensibilizar sobre o radicalismo violento e o discurso do odio, especialmente entre os mozos, e promover mensaxes positivas de tolerancia e inclusión social na rede.

UGT RECLAMA UN PLAN NACIONAL DE INCLUSIÓN TECNOLÓXICA PARA COMBATER O DÉFICIT DIXITAL

Redacción.- A publicación da Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación nos fogares 2017 por parte do INE e o informe anual sobre A Sociedade en Rede Ed. 2017 polo Observatorio Nacional de Telecomunicacións e Sociedade da Información (ONTSI), confirman que o progreso de España en termos de inclusión dixital é altamente decepcionante.

A fenda dixital persiste case inalterable en calquera das súas formas; de feito, estes mesmos factores precursores da exclusión dixital seguen vixentes dous anos despois do noso primeiro estudo (idade, xénero, xeográfica ou por hábitat, formación académica, por renda ou por situación laboral), sen que os responsables políticos poñan medidas para pechala, ou polo menos, para mitígalas.

As principais conclusións da análise realizada por UGT de ambas as publicacións son as seguintes:

4,82 millóns de españois nunca entraron na internet (un 14% da poboación), porcentaxe que crece ata o 15,4% cando se reduce o período analizado ao últimos tres meses.

2,71 millóns de vivendas non dispoñen de conexión a Internet (un 16,6% do total de fogares).

A fenda dixital por cuestión de idade segue sendo moi ampla, de 54 puntos porcentuais entre os seniors (rango entre 65 e 74 anos) e novos (16 e 24 anos). Con este diferencial, España sitúase moi por encima da media europea e a da OCDE e moi afastada das principais economías do mundo.

Mentres os estudantes presentan un 100% de presenza na internet, o número de parados con acceso a Internet descende ata o 86,5%. Só a metade das persoas dedicadas a labores do fogar ou os pensionistas conéctanse a Internet.

A renda familiar tamén é crucial para determinar as posibilidades de exclusión dixital: a diverxencia chega ata os 30 puntos porcentuais entre os que dispoñen dunha renda familiar de máis de 2.500 euros (97,7%) e os de menos de 900 euros (68,4%).

A formación académica segue sendo un importante precursor de exclusión dixital: a separación alcanza o 47% entre licenciados e persoas con educación primaria.

A fenda dixital de xénero é a que mellor evolución presenta desde 2015, despois do

repunte negativo de 2016 (dun 3,9% de homes que se conectaban máis que mulleres en 2016 ao 1,8% de 2017). Con todo, e a pesar desta evidente mellora, o noso país ocupa un indigno posto número 18 dos 28 países da Unión Europea en mulleres que usan regularmente Internet.

Galicia, moi por baixo da media en materia de inclusión dixital

O lugar de residencia segue sendo determinante para a inclusión dixital: mentres Madrid, Baleares e Navarra alcanzan cotas de inclusión dixital importantes, outras rexións, como Galicia, Castela-A Mancha ou Extremadura, están moi por baixo da media española e europea. Esta falta de cohesión dixital materialízase en todas estas formas:

En vivendas con computador, o diferencial entre as primeira CCAA (Madrid, 86,5%) coa última (Extremadura, 70,4%) é de 16 puntos porcentuais.

O diferencial entre a que máis porcentaxe de vivendas con conexión a Internet (Madrid) presenta, e a que menos (Galicia), é de 10,5 pp.


En canto ao uso das tecnoloxías dixitais, en termos de persoas que usan ordenadores, trátase da característica que máis diferencial presenta, cun 20% entre a primeira e a última (Madrid e Extremadura, respectivamente). 1 de cada 4 extremeños nunca usa un computador, o mesmo que 1 de cada 5 rioxanos, murcianos, canarios, galegos, asturianos e andaluces: a exclusión dixital das dúas castillas dobra as de Madrid ou Navarra.

En persoas que usan a rede de redes, as diferenzas redúcense case á metade (un 11,7%, entre os extremos). Madrid é a única que alcanza o 90%, seguida de Baleares e Melilla cun 88%. Galicia e Castela-A Mancha quedan por baixo do 80%.

Na última década, dúas comunidades autónomas lograron case duplicar o seu número de internautas: Extremadura e Melilla (46%), aínda que de novo este esforzo non lle serve a Extremadura para abandonar as últimas posicións, pero si lle serviu a Melilla para alzarse ao pódium.

Case 1 de cada 5 galegos, castelán-mancheiros e extremeños nunca se conecta a Internet. A exclusión dixital de Castela-A Mancha dobra á de Madrid (20,5% vs. 9,3%).

Finalmente, o tamaño da poboación na



que se reside é determinante: aqueles que viven en cidades de máis de 100.000 habitantes, ou capitais de provincia, presentan un 10% máis de internautas que os que residen en poboacións pequenas (menos de 10.000 habitantes).

UGT considera que o tamaño, alcance e persistencia da fenda dixital en España é inconcibible para unha economía que presume de estar en pleno crecemento. Esta nova forma de desigualdade, comparable ao analfabetismo doutras épocas, non é compatible cun país que debería cimentarse na inclusión e a cohesión social.

A fenda dixital que sofre a nosa poboación prexudica seriamente ao futuro da nosa sociedade e á sustentabilidade do noso progreso económico; a transformación dixital do tecido produtivo que necesita a nosa economía será inviable se unha gran parte da nosa poboación segue excluída do universo dixital. Sen lugar a dúbidas, a Estratexia Dixital do Goberno será un momento clave para reconducir esta situación.

Con todo, UGT reitera que, para salvar esta situación, é necesario un Plan Nacional de Inclusión Tecnolóxica, que debería conter, entre outras, as seguintes medidas:

O establecemento dun ente público que coordine a transversalidade das TIC en todo o Goberno, con responsabilidades en todo o referido a novas tecnoloxías, formación dixital e e-inclusión.

A creación dun Observatorio da fenda dixital, coa participación de todos os actores implicados.

A instauración de plans de formación presenciais e baseados en prácticas activas para os colectivos fóra do mundo dixital.

Facilitar a conexión a Internet para colectivos vulnerables cunha tarifa mensual menor a 20 euros.

O establecemento de recursos orzamentarios suficientes para elaborar plans formativos en empresas, en centros de ensino e en centros de formación para desempregados.